



GUÍA DO CURSO

ÍNDICE

	TEMA	PAX.
1	Descrición do curso	2
2	Autoría dos materiais do curso	2
3	Persoas titoras	2
4	Obxectivos	3
5	Contidos	3
6	Metodoloxía, estrutura do curso	4
7	Seguimento e desenvolvemento do curso.	5
8	Comunicación coas persoas titoras	6
9	Temporalización. Calendario	7
10	Avaliación	8
11	Aplicación práctica nas aulas	9
12	Requirimentos para seguir o curso	9



DESCRINCIÓN DO CURSO

ITINERARIO DE COMPETENCIA DIXITAL . NIVEL AVANZADO

Este curso está enmarcado dentro do itinerario de competencia dixital proposto pola Comisión TIC da rede permanente de formación do profesorado

Dentro deste itinerario de formación TIC existen cinco niveis:

Nivel Básico	Nivel Básico Inicial	Nivel Medio Inicial	Nivel Medio	Nivel Avanzado
--------------	----------------------	---------------------	-------------	-----------------------

AUTORES

José Manuel Bouzán Matanza
Francisco Javier Macías Puente
Pablo Nimo Liboreiro
Rafael Sánchez-Agustino Rodríguez

PERSOAS TITORAS

Pablo Nimo Liboreiro (bloques 1, 6 e 8)
Félix Díaz López (bloques 1, 6 e 8)
Xosé Luis Barreiro Cebey (bloques 2 e 8)
Iván Prieto Lage (bloques 2 e 8)
Rafael Sánchez-Agustino Rodríguez (bloques 3, 7 e 8)
Cristina Campos Pérez (bloques 3, 7 e 8)
Francisco Javier Macías Puente (bloques 4, 5 e 8)
María Loureiro González (bloques 4, 5 e 8)

Procuraremos guiarvos e axudarvos a resolver calquera problema e aclarar as dúbidas que se vos poidan presentar. Poñeremos todo o interese da nosa parte para conseguir que o curso resulte para todos/as ameno, agradable e sobre todo de utilidade.



Empregaremos a plataforma de teleformación “PLATEGA”, que funciona a través da aplicación web MOODLE. No inicio do curso facilitámosvos información para que vos manexedes con soltura na plataforma. Estaremos á vosa disposición.

OBXECTIVOS

1. Ampliar a competencia dixital do profesorado.
2. Fomentar a experimentación metodolóxica.
3. Adquirir destrezas no uso de software específico
4. Ter un coñecemento “en profundidade” das posibilidades das ferramentas Ardora, eXe Learning e Lim.
5. Ser quen de desenvolver proxectos didácticos interactivos en contorno web para as aulas.
6. Coñecer distintos xeitos de “explotación didáctica” do material elaborado.
7. Desenvolver recursos SCORM susceptibles de ser introducidos en plataformas de teleformación.
8. Analizar e propor actuacións ante incidencias relacionadas coa aplicación das TIC no ensino.
9. Progresar no uso dos espazos virtuais (servizos web, aulavirtual-moodle, etc).
10. Diseñar estratexias para a utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación en propostas de traballo cooperativo.

CONTIDOS

MÓDULO 1
Coñecemento e utilización dos elementos dunha aula TIC. Xestión e administración avanzada da rede e do sistema operativo. Realización de tarefas de mantemento básico.
MÓDULO 2
Ferramentas de autor: Ardora, Edilim e ExeLearning.
MÓDULO 3
Elaboración de mensaxes multimedia: imaxe, son e vídeo.
MÓDULO 4
Coñecemento e utilización de diferentes estratexias metodolóxicas para a inserción das TIC no deseño curricular. Aprendizaxe colaborativo e simuladores.
MÓDULO 5
Avaliación coas TIC
MÓDULO 6
Mellora da xestión escolar nos centros Abalar utilizando as TIC. Emprego a nivel avanzado de programas e plataformas de xestión.
MÓDULO 7
Dinamización de actividades de formación



MÓDULO 8

Tarefa final

METODOLOXÍA

Ao comezo do curso **é obrigatorio** enviar unha mensaxe de presentación ao “foro de presentacións”. Poderíamos tomar como referencia estes datos:

Nome, destino, ensino, nivel educativo, experiencia ou nivel de coñecementos das TIC no ensino, expectativas neste curso, outros comentarios ...

Este curso está deseñado para propiciar o traballo colaborativo mediante o uso de foros que permitan non só expoñer as dúbidas por parte persoas asistentes, senón que tamén fomentárase o debate e intercambio de ideas. Os foros serán útiles para avaliar a participación dos e das asistentes.

Polas propias características deste curso , nivel avanzado, non se considera que poidan aparecer dificultades relacionadas co uso da aula virtual Platega ou coa participación nun curso on-line.

Partindo de que o docente-alumno realizou o nivel medio deste itinerario, onde se fai unha primeira aproximación a cada unha das aplicacións, ou que ten un coñecemento previo de algunha das tres ferramentas, se inician os tres apartados con contidos que intentan “enlazar” co tratado no citado nivel medio, para recorrer as posibilidades, tanto de agrupamento de contidos alleos como aspectos máis avanzados dos propios programas así como a presentación dos contidos creados.

Abrirase cada un dos módulos segundo o calendario marcado. O alumnado investigará na “documentación” facilitada e, se o desexa, nos espazos suxeridos nos apartados “recursos” e “para saber máis”

En cada módulo solicítanse tarefas de varios apartados que deberán realizarse e enviar despois, a través da propia Platega, ao titor para a súa avaliación dentro do prazo establecido.

ESTRUTURA DO CURSO.

Este curso está organizado en 8 módulos:

MÓDULO 1	Coñecemento e utilización dos elementos dunha aula TIC. Xestión e administración avanzada da rede e do sistema operativo. Realización de tarefas de mantemento básico.
MÓDULO 2	Ferramentas de autor



MÓDULO 3	Elaboración de mensaxes multimedia
MÓDULO 4	Coñecemento e utilización de diferentes estratexias metodolóxicas para a inserción das TIC no deseño curricular.
MÓDULO 5	Avaliación coas TIC
MÓDULO 6	Mellora da xestión escolar nos centros Abalar utilizando as TIC. Emprego a nivel avanzado de programas e plataformas de xestión.
MÓDULO 7	Dinamización de actividades de formación
MÓDULO 8	Tarefa final

SEGUIMIENTO E DESENVOLVEMENTO DO CURSO

Este curso desenvólvese totalmente en rede sen que exista previsión de ningunha sesión presencial. Sabemos que a tarefa de titoría resulta polo tanto moi importante no bo funcionamento do mesmo.

O asesoramento no funcionamento da Plataforma, as axudas na resolución de dificultades, as correccións e as avaliacións serán tarefas primordiais no traballo do titor.

Pero ademais da relación directa co titor, dispoñemos de foros como lugar para a discusión, para a consulta ou para a reflexión. Os foros facilitan a comunicación entre o alumnado e o titor e tamén entre todos os participantes no curso, podendo funcionar como centros de aprendizaxe común onde expoñer as nosas dúbidas ou preguntas, as dos outros participantes, as respostas, as suxerencias ...

Neste curso dispoñemos dun foro de presentación, un foro xeral de novas, e sobre todo un foro particular para cada módulo para centrar o traballo cooperativo nos temas concretos. Animámosvos pois a todos/as a participar activamente nestes foros fomentando o traballo en común e a aprendizaxe colaborativa.

É importante a visita frecuente e a participación nos foros porque neles podedes atopar aclaracións, respostas ás dúbidas que vaiades tendo e, sobre todo, permítevos manter contacto cos compañeiros e compañeiras de curso, así como coñecer as súas opinións e inquietudes.

Cada módulo inclúe os contidos conceptuais e as tarefas correspondentes, que deberán ser completadas polas personas participantes na data indicada, e que aparece expresamente reflectida na descrición da tarefa.



COMUNICACIÓN COAS PERSOAS TITORAS

O curso conta con varios foros. O foro de presentación servirá para que cada participante se presente ao resto da comunidade do curso, comentando os datos que considere oportunos e as súas expectativas de formación.

Dispoñemos tamén dun foro de “novas” no que vos iremos informando de diferentes aspectos ou aclaracións sobre a marcha do curso.

Ademais, en cada módulo, existirá tamén un foro para propoñer temas de discusión, debater, solicitar axudas e participar na aprendizaxe colaborativa.

Para comunicarse co profesor titor pódese empregar a mensaxería interna de Platega ou o correo electrónico de “edu.xunta.es” correspondente.

TEMPORALIZACIÓN. CALENDARIO

O curso comezará o día 28 de xaneiro e rematará o día 13 de maio de 2013. Para facilitar a organización do traballo, das tarefas e da avaliación fíxanse estas datas de inicio de cada módulo e as datas de remate do prazo de presentación das tarefas dos mesmos.

Comezo do curso.....	28 de xaneiro 2013
Presentación no foro.....	28 de xaneiro 2013
Inicio Módulo 1.....	28 de xaneiro 2013
Módulo 1. Entrega de tarefas ata.....	10 de febreiro 2013
Inicio Módulo 2.....	11 de febreiro 2013
Módulo 2. Entrega de tarefas ata.....	6 de marzo 2013
Inicio Módulo 3.....	7 de marzo 2013
Módulo 3. Entrega de tarefas ata.....	20 de marzo de 2013
Inicio Módulo 4.....	21 de marzo de 2013
Módulo 4. Entrega de tarefas ata.....	14 de abril de 2013
Inicio Módulo 5.....	15 de abril de 2013
Módulo 5. Entrega de tarefas ata.....	21 de abril de 2013
Inicio Módulo 6.....	22 de abril de 2013
Módulo 6. Entrega de tarefas ata.....	28 de abril de 2013



Inicio Módulo 7.....	29 de abril de 2013
Módulo 7. Entrega de tarefas ata.....	5 de maio de 2013
Inicio Módulo 8.....	6 de maio 2013
Módulo 8. Entrega de tarefas ata.....	13 de maio de 2013
Remate do curso.....	13 de maio de 2013

Duración total do curso en número de horas de formación: **100 horas.**

AVALIACIÓN

Esta actividade forma parte dun itinerario formativo de competencia nas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á docencia, constituído por cinco cursos secuenciados en función dos niveis establecidos nun marco de competencia dixital docente de referencia.

Este itinerario formativo está deseñado para apoiar ao profesorado no seu cometido de integración das tecnoloxías da información e da comunicación nas aulas coa finalidade de elevar a calidade do ensino. A avaliación da súa repercusión na mellora da docencia e dos resultados académicos forma parte da propia avaliación global da calidade educativa que realiza a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O profesor titor avaliará as tarefas realizadas e comunicará ao alumnado a valoración das mesmas. Empregarase para isto a seguinte escala:

Non satisfactorio	Satisfactorio	Supera o Esperable
--------------------------	----------------------	---------------------------

É recomendable realizar as tarefas módulo a módulo ata recibir unha valoración positiva na avaliación, continuando despois co módulo seguinte.

Para acadar a avaliación positiva final do curso é necesario realizar todas as tarefas obrigatorias, e obter unha avaliación positiva de todas elas.



Para favorecer o funcionamento do curso recomendamos que non se envíen novas tarefas ata que se confirme a superación do módulo anterior.

É importante cumprir cos prazos de envío das tarefas solicitadas en cada módulo, e mandar correctamente os arquivos solicitados que conteñan as tarefas pertinentes de cada módulo.

APLICACIÓN PRÁCTICA NAS AULAS

O obxectivo principal de todo este proceso de formación é o de mellorar as competencias dixitais do profesorado e facilitar a mellora da calidade do ensino fomentando a aplicación práctica desta formación adquirida.

Suxerimos que paralelamente ao curso experimentedes levando as tarefas que se propoñen a situacións reais de aula, valorando as vantaxes que aportan ao ensino e creando pouco a pouco a vosa propia estrutura Tic ou participando da dinamización Tic do voso centro.

REQUERIMENTOS PARA SEGUIR O CURSO

Requisitos obrigatorios

- Dispoñer dun equipo informático conectado a internet
- Dispoñer dun navegador actualizado.
- Dispoñer de conta de correo “@edu.xunta.es”

Tamén son requisitos recomendables os seguintes:

- Dispoñer de acceso a webs dinámicas, páxina web do voso centro.
(Estar dado de alta para acceder a drupal, moodle...)
- Ter acceso a Xade.
- Dispoñer dunha conta de correo “gmail”